ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU23012

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario 2. Medios de intervención nas actividades de servizos e a súa interacción co urbanismo.

CONVOCATORIA: Webinario 2. Medios de intervención nas actividades de servizos e a súa interacción co urbanismo.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	2
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 24/04/2023 - 09:00h ao 15/05/2023 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo destas actividades é analizar o contexto normativo, de funcionamento e organizativo existente na actualidade para aplicar as mellores prácticas na xestión pública orientada á reactivación económica, cun enfoque práctico e aplicativo.

Ao longo do presente ciclo examinaranse as principais liñas de simplificación e redución de cargas administrativas, as posibilidades que ofrece o marco regulatorio autonómico e o papel que poden desenvolver as entidades locais no proceso, dando a coñecer as iniciativas máis destacadas para o aliñamento na actuación das distintas administracións con competencias na materia.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, así como ao persoal empregado público da Administración local de Galicia.

PROGRAMA

Contidos do webinario 2:

• As competencias en materia de urbanismo: dimensión autonómica e local.
• Instrumentos autonómicos para a reactivación da actividade económica.
• O control posterior como ferramenta de simplificación: eliminación de duplicidades e reforzo da seguridade xurídica.
• O papel das entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) na mellora da xestión pública local: dobre funcionalidade.
• Regulación municipal para a dinamización da actividade empresarial: ordenanzas municipais reguladoras da colaboración das ECCOM.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado para as persoas destinatarias na base terceira da convocatoria. A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS
Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co establecido na base terceira da convocatoria respecto das persoas destinatarias. As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar o nome do curso: Webinario 2. Medios de intervención nas actividades de servizos e a súa interacción co urbanismo.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 22/05/2023 a 22/05/2023
NUM. PRAZAS: 100	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
PABLO MARTIN FERNANDEZ CASTRO		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Sala telepresenza: O día 22 de maio de 09:00 a 11:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual **Sala telepresenza:** O día 22 de maio de 09:00 a 11:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual		